

CONCELLOS COMPROMETIDOS COA XUSTIZA SOCIAL NO MUNDO

PROPOSTAS DAS

ONG DE DESENVOLVEMENTO GALEGAS

PARA AS ELECCIÓNS MUNICIPAIS 2019



**COORDINADORA
GALEGA DE ONG**
para o Desenvolvemento

QUEN SOMOS?

A Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento está formada por 46 ONGD que traballan nos ámbitos da cooperación ao desenvolvemento¹, a acción humanitaria² e a educación para o desenvolvemento e a cidadanía global³.

Representamos a máis de 21.000 persoas socias e máis de 1.600 persoas voluntarias, a maioría das cales son mulleres. En 2017, contribuímos a mellorar a vida de 108.000 persoas en 23 países de América Latina, África e Asia.

QUE DEMANDAMOS?

Cidades, vilas e deputacións galegas comprometidas coa **XUSTIZA SOCIAL EN TODO O MUNDO**.

As ONG de cooperación ao desenvolvemento que traballamos nos países máis empobrecidos do planeta coñecemos moi ben os grandes desafíos que afrontamos a nivel internacional:

GRANDES DESAFÍOS INTERNACIONAIS

✔ POBREZA E DESIGUALDADE ✔ CRISE ECOLÓXICA ✔ DESPRAZAMENTOS FORZADOS ✔ NOVA AXENDA INTERNACIONAL

»» Pobreza e desigualdade

A pesar de que a taxa de pobreza mundial se reduciu grazas aos avances producidos en Asia, fundamentalmente, **no mundo aínda hai 783 millóns de persoas subsistindo con menos de 1,9 dólares diarios e 821 millóns de persoas pasan fame** (segundo a FAO, a cifra vai en aumento por terceiro ano consecutivo a causa das guerras, o cambio climático e a situación económica). **O 70% das persoas que viven en situación de extrema pobreza no mundo son mulleres** e malia que realizan dúas terceiras partes do traballo a nivel mundial (entre os cales, a meirande parte das 16.400 millóns de horas de traballo de coidados non remunerados), só reciben o 10% dos ingresos.

1 Conxunto de accións que realizan gobernos e os seus organismos administrativos, así como entidades da sociedade civil dun determinado país ou conxunto de países, orientadas a mellorar as condicións de vida e impulsar procesos de desenvolvemento en países en situación de vulnerabilidade social, económica e/ou política.

<https://bit.ly/2SKmbi1>

2 Conxunto de accións de axuda ás vítimas de desastres producidos por catástrofes naturais ou por conflitos armados orientadas a aliviar o seu sufrimento, garantir a súa subsistencia, protexer os seus dereitos fundamentais e defender a súa dignidade. Tamén, frear o proceso de desestruturación socioeconómica da comunidade e preparala ante desastres naturais.

<https://bit.ly/2jFAkcg>

3 A Educación para a Cidadanía Global forma parte das pedagogías que pretenden afrontar os grandes retos do século XXI. Os seus contidos identifícanse co tratamento global das desigualdades e a posta en valor da diversidade e están orientados a diferentes públicos e a persoas de todas as idades, sexos e culturas. Lévese a cabo en todos os ámbitos da educación (formal, informal, non formal), tanto en centros educativos regrados (escolas, institutos e universidades) como en espazos de lecer e tempo libre, lugares de traballo, o ámbito familiar, en tecidos asociativos e mesmo nos medios de comunicación.

<https://bit.ly/2tvnouA>

“Nunca pedimos caridade ou migallas; é un dereito das comunidades ter unha escola, unha casa de sanación e xustiza das mulleres”

Berta Cárceres lideresa indíxena, feminista e ecoloxista hondureña asasinada en 2016

A riqueza está cada vez máis concentrada en menos mans. O Informe sobre a Desigualdade Global de 2018 revelou que, entre 1980 e 2016, a metade máis pobre da poboación mundial só recibiu 12 centavos por cada dólar de crecemento dos ingresos a nivel mundial, fronte aos 27 céntimos que obtivo o 1% máis rico da poboación. En 2018, un total de 26 persoas, a maioría homes, posuían a mesma riqueza que 3.800 millóns de persoas, a metade máis pobre da humanidade. A modo de exemplo, o propietario de Amazon, Jeff Bezos, o home máis rico do mundo, incrementou a súa fortuna ata alcanzar os 112.000 millóns de dólares. O 1% da súa riqueza equivale á totalidade do orzamento sanitario de Etiopía, un país de 105 millóns de persoas.

»» Crise ecolóxica

O cambio climático é un dos maiores retos da nosa época. Vivimos nunha situación de crise ecolóxica que, de novo, afecta máis ás persoas máis vulnerables: ata o 70% da poboación mundial vive en zonas rurais, as áreas máis sensibles ao cambio climático, aos sistemas extractivos e aos mercados globais de produtos alimenticios. A subida da temperatura global, a elevación do nivel do mar, a acidificación dos océanos e outros efectos do cambio climático están afectando gravemente ás zonas costeiras e aos países costeiros de baixa altitude. Periga a supervivencia de moitas sociedades e dos sistemas de sostén biolóxico. **Superamos os límites do planeta**, non existen suficientes materias primas, nin enerxía, nin terras ou espazo ambiental para manter o ritmo de produción e consumo actual.

»» Desprazamentos forzados

Estamos a vivir o maior éxodo de persoas desprazadas forzadas da historia. Segundo ACNUR, 68,5 millóns de persoas tiveron que abandonar os seus fogares por mor da persecución, os conflitos, a violencia e as violacións dos seus dereitos fundamentais. Os desastres ecolóxicos están a xerar máis desprazamentos forzados que os conflitos armados. Cando falamos de desastres ecolóxicos a tendencia é centrar a atención no cambio climático e os desastres naturais, pero moitas persoas e comunidades son expulsadas das súas terras tamén a causa dos graves conflitos socioambientais derivados do economía extractivista (megaproectos de desenvolvemento industrial, minaría, agroindustria, construción de grandes infraestruturas ao servizo de grandes empresas, etc.).

Cando se fala de migracións hai que poñer o foco no 'efecto fuxida' en lugar do tantas veces nomeado 'efecto chamada'. **Os estados enriquecidos do Norte deben asumir as súas responsabilidades neste fenómeno.** O noso modelo de comercio exterior, a expropiación de recursos naturais noutros países, a contaminación que producimos, os megaproectos de desenvolvemento fóra das nosas fronteiras explican en boa medida o aumento destes desprazamentos forzados no mundo.

»» Auxe dos discursos de odio e a persecución a activistas

Os discursos de odio (xenófobos, machistas, homófobos, racistas...) están cada vez máis en auxe e **son unha ameaza mundial contra os dereitos humanos, a diversidade e a convivencia** pacífica e respectuosa. A nivel internacional, o isolacionismo destes discursos sitúaos de costas á realidade de interdependencia na que convivimos.

Paralelamente, cada ano **augmenta a persecución a activistas e defensores e defensoras dos dereitos humanos** que lideran loitas comunitarias ao redor do mundo. En 2018 321 activistas e defensoras de dereitos foron asasinadas (3 de cada 4 eran activistas medioambientais) e moitas outras tiveron que fuxir dos seus países.

“En tempos nos que se impón o poder das grandes transnacionais, dunha clase política corrupta, un modelo de desenvolvemento patriarcal e extractivo, a defensa dos dereitos das comunidades é fundamental para que as persoas esquecidas historicamente recuperan o seu poder persoal e colectivo”
Haydee Castillo activista feminista e lideresa en procesos de fortalecemento de movementos sociais en Nicaragua

»» Nova axenda internacional

Contamos con novos pactos globais que nos interpelan e proporcionan un marco común no que procurar solucións ás graves problemáticas internacionais. **A Axenda 2030 de Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS)**, asinada en 2015 por 193 países, é unha chamada universal á adopción de medidas que poñan fin á pobreza, protexan o planeta e garantan que todas as persoas gocen dos seus dereitos, de paz e de oportunidades.

CONCELLOS QUE REIVINDICAN O SEU PAPEL NA CONSTRUCCIÓN DUN MUNDO XUSTO

O modelo de convivencia global é profundamente interdependente, as problemáticas ás que nos enfrontamos son globais e poñen en serio risco a sostibilidade da vida. Como exemplo, algunhas das consecuencias que sufrimos nas nosas vilas e cidades: o aumento das desigualdades e da pobreza e a exclusión social, a deslocalización empresarial, a crise demográfica, as consecuencias do cambio climático (inundacións, secas, incendios forestais, etc.), a acollida de persoas migrantes e refuxiadas obrigadas a fuxir dos seus países de orixe, etc..

Do mesmo xeito que estes grandes desafíos son globais e non entenden de fronteiras, tampouco o fan as potenciais solucións. Polo tanto, a sociedade internacional no seu conxunto está obrigada a atopar solucións de forma corresponsable. **A transformación necesaria non será posible sen a implicación das nosas cidades, vilas e deputacións.** Na nova realidade internacional, fortemente urbanizada, interdependente, transnacionalizada e desterritorializada, as cidades, os nosos poderes locais, teñen máis capacidade e máis responsabilidade que nunca para participar activamente dunha resposta colectiva fronte aos grandes retos planetarios.

Compre reivindicar o papel das cidades como actores internacionais. E neste eido, as potencialidades da cooperación ao desenvolvemento como unha política pública, exercida dende o local, coa que defender os dereitos humanos e promover un mundo máis xusto, igualitario e sostible.

Baseada nunha lóxica de horizontalidade, a cooperación descentralizada, exercida dende o local, aporta un valor engadido fundamental. Propicia o intercambio de experiencias e aprendizaxes, e a colaboración técnica e política tanto de maneira directa entre institucións do territorio con terceiros países como conectando a organizacións da sociedade civil local con movementos cidadáns de diferentes lugares, contribuindo así ao seu fortalecemento mutuo. Neste eido, as ONGD, como entidades que traballamos en diferentes lugares do planeta na defensa dos dereitos humanos, somos moi conscientes da importancia de contar cunha sociedade civil fortalecida e do papel que xoga a política de cooperación descentralizada para conseguilo. Só unha sociedade civil forte será quen de exercer axeitadamente o seu rol de monitoreo, vixianza, fiscalización e incidencia social para garantir o cumprimento dos dereitos humanos ao redor mundo.


“Falar de igualdade entre mulleres e homes, nenos e nenos, é falar pola vida daquelas que non poden, aínda, defenderse da violencia”

Marielle Franco activista feminista e política brasileira asasinada en 2018

9

PROPOSTAS

PARA AS SETE GRANDES CIDADES E AS DEPUTACIÓNS GALEGAS CARA O NOVO CICLO POLÍTICO



1 COMPROMISO POLÍTICO

Exercer a competencia en materia de cooperación para o desenvolvemento baixo un enfoque de xénero, de defensa dos dereitos humanos e de sostibilidade ambiental que garanta a súa vocación transformadora. Visibilizar a competencia integrándoa na denominación da concellería ou servizo responsable da mesma⁴.

2 ORZAMENTO DIGNO

Garantir dotacións orzamentarias suficientes para o desenvolvemento das políticas municipais de cooperación para o desenvolvemento. Para isto será necesario **aumentar os recursos orzamentarios** destinados a esta política pública ata chegar de forma paulatina ao 0,4 % do orzamento consolidado ao final do novo ciclo político (e sempre co horizonte de acadar o compromiso internacional do 0,7 %)

3 AXUDAS PÚBLICAS TRANSPARENTES E EN CONCORRENCIA COMPETITIVA

Dotar convocatorias públicas de axudas para apoiar a posta en marcha, por unha banda, de iniciativas de cooperación para o desenvolvemento en países empobrecidos e, pola outra, de proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global no noso territorio, en alianza coas entidades da sociedade civil especializada. A aposta polas convocatorias públicas garantizará a publicidade, a concorrencia competitiva e a transparencia na xestión das axudas.

⁴ Compre aclarar que a Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local non impide que as administracións locais poidan exercer a competencia en materia de cooperación para o desenvolvemento. Simplemente, requírese a solicitude de informes previos e vinculantes da Xunta de Galicia (Consellería de Facenda e Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Xustiza e Administracións) en relación a que non se pon en risco a sostibilidade financeira da Facenda local e á inexistencia de duplicidades para o exercicio da mesma. A Xunta de Galicia ten respondido favorablemente a todas as administracións locais galegas que solicitaron os devanditos informes nos últimos anos.

4 ACCIÓNS COORDINADAS DE EDUCACIÓN PARA A CIDADANÍA GLOBAL

Poñer en marcha programas e iniciativas integrais de sensibilización e educación para o desenvolvemento e a cidadanía global nas nosas cidades e vilas para **fomentar unha cidadanía crítica, participativa e comprometida** coa construción dun mundo onde a equidade e a igualdade de oportunidades estean aseguradas, onde prevaleza a cultura da paz e as relacións estean baseadas na ética dos coidados e no principio de non discriminación, solidariedade e cooperación. As iniciativas permitirán dar a coñecer as problemáticas globais que afectan ao mundo e conectalas coas realidades locais que acontecen nas cidades e vilas de Galicia e coa cidadanía que participa en iniciativas de cooperación no Sur global.

5 FONDOS EXTRAORDINARIOS PARA AXUDAS DE ACCIÓN HUMANITARIA

Facilitar a dotación de fondos extraordinarios para actuacións de **axuda de emerxencia e acción humanitaria** coas que facer **fronte a catástrofes e desastres** que acontezan nos países empobrecidos cos que se traballa dende Galicia, con especial foco na prevención, resiliencia e a redución de riscos, e dotando a esta axuda de mecanismos áxiles e flexibles para a asignación dos mesmos.

6 PARTICIPACIÓN ACTIVA DA SOCIEDADE CIVIL

Fortalecer á sociedade civil e promover unha implicación plural da mesma na construción da política pública de cooperación ao desenvolvemento. Neste contexto, impulsarase a constitución de **Consellos Municipais de Solidariedade e Cooperación** como espazos dende os que deseñar e poñer en marcha, de forma participada, esta política social.

7 ORIENTACIÓN ESTRATÉXICA

Elaborar **plans ou estratexias de cooperación** ao desenvolvemento. Para garantir unha política local de cooperación de calidade, con impacto e eficaz, é necesario contar con marcos estratéxicos que guíen a súa actividade a longo prazo. As estratexias elaboradas de forma participada conseguirán fortalecer e aproveitar ao máximo as capacidades dos distintos actores involucrados nesta política pública (administración, ONGD, universidades, etc.).

8 ALIANZAS E REDES

Participar activamente en alianzas e redes de cooperación para o **intercambio de aprendizaxes, experiencias e coordinación** (no marco da FEGAMP, do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento, etc). Neste eido as cidades e deputacións que aínda non o estean deberán asociarse ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

9 COMUNICACIÓN COA CIDADANÍA E RENDICIÓN DE CONTAS

Ser transparentes, render contas e comunicar á cidadanía os logros acadados na loita contra a pobreza, as desigualdades e na defensa dos dereitos humanos e a sostibilidade a nivel mundial.



CONTACTO

Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento
Rúa dos Basquiños, 33 1º A - Santiago de Compostela

981 585 189 / 618 626 627

proxectos@galiciasolidaria.org
sensibilizacion@galiciasolidaria.org